En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 23427** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e de dona Noela Blanco Rodríguez, sobre **“o procedemento seguido polo Goberno galego para a elaboración e presentación do Anteproxecto de lei polo que se modifica a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia”**, (publicada no BOPG número 247 do 25 de xaneiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A Lei 1/2018, do 2 de abril, pola que se modifica a Lei 8/2008, do 10 de xullo de saúde de Galicia publicouse no DOG do 9 de abril de 2018 e entrou en vigor aos 20 días da súa publicación”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2018 9:20:13



AG/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno número: **23428** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e de dona Noela Blanco Rodríguez, sobre “ **o coñecemento pola Xunta de Galicia da situación en que se atopa a asistencia sanitaria na vila de Vilaxoán, no concello de Vilagarcía de Arousa**”, (publicada no BOPG número 247 do 25 de xaneiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Vilaxoán está a 3,7 km de Vilagarcía. En Vilaxoán hai un médico e unha enfermeira que traballan en horario de mañá, non hai PSX polo que as xestións administrativas as teñen que realizar en Vilagarcía.

No Centro de Saúde de Vilagarcía hai 21 médicos de familia, 5 pediatras, 20 enfermeiros , matrona, fisioterapeuta, odontólogo e conta con unidade de tarde polo que o horario é de 8 a 22h en consulta ordinaria. En canto á cobertura e substitución dos profesionais do Centro de Saúde, é un centro no que xeralmente, organízanse para as vacacións e os días de libre disposición.

O día 6 de novembro de 2017 púxose de baixa a médico de Vilaxoán, cubríronse 3 días (luns, mércores e venres) cunha médico de familia do Centro de Saúde de Vilagarcía e o resto dos días dirixiuse aos pacientes ao Centro de Saúde de Vilagarcía, do mesmo xeito que se fai en verán. A titular de Vilaxoán incorporouse a súa praza o 9 de xaneiro de 2018”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2018 9:20:06



AG/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 23430** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e de dona Noela Blanco Rodríguez, sobre **“as previsións da Xunta de Galicia respecto da revisión das posibilidades de solicitar probas diagnósticas por parte dos médicos e médicas de atención primaria”**, (publicada no BOPG número 247 do 25 de xaneiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“No ano 2014 iniciouse o proceso de modificación e extensión a todas as EOXI dos protocolos de solicitude de probas desde atención primaria. A situación actual non é totalmente homoxénea polo que se continuará traballando na elaboración dos protocolos así como na formación dos profesionais para unha correcta utilización e interpretación das distintas probas”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2018 9:20:00



AG/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 23436** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a opinión do Goberno galego respecto da garantía na actualidade do dereito das mulleres á interrupción voluntaria do embarazo”**, (publicada no BOPG número 247 do 25 de xaneiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O Servizo Galego de Saúde establece os circuítos asistenciais que garanten o cumprimento da Lei Orgánica 2/2010, de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo, e que son desenvolvidas en cada unha das EOXI.

Na actualidade a aplicación da interrupción legal da xestación ata a 22 semanas pode levarse a cabo en 6 dos 7 principais hospitais galegos, e a partir do ano 2018 será posible en todos os hospitais da rede sanitaria Galega.

En canto as Interrupcións legais do embarazo a partir da 22 semana, concéntranse no Hospital Álvaro Cunqueiro que presenta as características necesarias, tanto de medios físicos como recursos humanos suficientes para levar a cabo esta función con todas as garantías.

Aos casos de IVE de menos de 14 semanas de xestación e que son de petición voluntaria por parte da muller, ofréceselle a posibilidade de escoller entre a realización nun hospital de rede pública galega ou si o prefire, segundo as súas circunstancias, acudir a unha das clínicas que teñen Autorización de uso en Galicia.

Os datos estatísticos sobre abortos euxenéticos ata o 2015 poden consultarse na www.sergas.es/Saude-publica/IVE-Datos-estatisticos-Porcentaxes-IVEs-Táboas-gráficos".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2018 9:19:53



AG/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 23437** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona Noela Blanco Rodríguez, sobre **“as medidas que ten previsto desenvolver o Goberno galego para favorecer a implantación dun protocolo de cribado nutricional no sistema sanitario galego coa finalidade de loitar contra a desnutrición relacionada coa enfermidade”**, (publicada no BOPG número 247 do 25 de xaneiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A desnutrición dentro da enfermidade crónica é un dos aspectos importantes a ter en conta en calquera sistema sanitario.

Os hospitais do Servizo Galego de Saúde contan cun Servizo de Nutrición que posibilita identificar e tratar aos pacientes con desnutrición relacionada coa enfermidade. A presenza destes especialistas, xunto coa participación do persoal de enfermería na valoración, garante que o aspecto nutricional sexa avaliado ao longo do ingreso hospitalario.

Segundo o protocolo de cribado nutricional implantado medirase o índice de masa corporal aos pacientes ingresados nos hospitais da rede do Servizo Galego de Saúde.

Ademais nos próximos meses, desenvolverase unha plataforma de tele seguimento para Atención Primaria que permitirá, entre outros aspectos, a monitorización polo persoal enfermería de Atención Primaria das variables que permiten valorar o estado nutricional.

Como xa se dixo, os hospitais galegos contan cun servizo de nutrición para a avaliación nutricional dos e das pacientes ingresados, en colaboración co persoal de enfermería das plantas de hospitalización”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2018 9:19:46



AG/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 23439** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as razóns do Goberno galego para non ter avanzado no cumprimento dalgúns aspectos do acordo parlamentario do 22 de abril de 2015 referido á mellora da atención sanitaria á doenza da endometriose”**, (publicada no BOPG número 247 do 25 de xaneiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería de Sanidade ten postas en marcha as medidas definidas na proposición non de lei aprobada por unanimidade pola Comisión 5ª de Sanidade, Política Social e Emprego, na sesión celebrada o 22 de abril de 2015.

Na Consellería de Sanidade e no Servizo Galego de Saúde vense traballando para acadar unha atención integral de calidade á saúde das mulleres, seguindo as liñas definidas na Estratexia SERGAS. Isto inclúe as actuacións que permitan dar resposta aos distintos aspectos que precisa a atención integral ás mulleres con sospeita/diagnóstico de endometriose.

En todos os servizos de xinecoloxía de cada EOXI, existe unha consulta específica ou integrada con outras enfermidades xinecolóxicas, que permite garantir unha atención de boa calidade ás mulleres con sospeita/diagnóstico de endometriose, adaptada á demanda existente.

En cada unha delas establécese un circuito asistencial, no que se inclúe a derivación a outras unidades como son cirurxía ou esterilidade.

Consideramos que a atención que se está a prestar na actualidade é asumible cos recursos dispoñibles, tendo en conta que esta patoloxía afecta a arredor do 10% das mulleres en idade fértil e destas só o 25 % terán un grao IV.

Tendo en conta que os hospitais de segundo e terceiro nivel da rede pública do Servizo Galego de Saúde están capacitados para o tratamento multidisciplinar de casos complexos, non se considera imprescindible a necesidade de crear as unidades multidisciplinares de momento.

Dende a Subdirección Xeral de Atención ao Cidadán e Calidade, a través da Escola Galega de Saúde para Cidadáns, no ano 2016, organizáronse dúas actividades formativas en estreita relación con esta patoloxía, dirixidas a pacientes e cidadanía en xeral: Curso titulado 'A endometriose' e o Curso titulado 'Muller e saúde'.

A Subdirección Xeral de Atención ao Cidadán e Calidade púxose a disposición da Asociación querENDO en canto á difusión de calquera iniciativa de formación e información para a cidadanía sobre esta realidade, en concreto propúxose a posibilidade de realizar un Foro 'O experto responde' sobre este tema.

A 'Guía de atención a las mujeres con endometriosis en el Sistema Nacional de Salud (SNS)' está a disposición de todas/os cidadáns/cidadás na web da Escola Galega de Saúde para Cidadáns.

A través do portal É Saúde da Consellería de Sanidade , tamén se pode atopar esta guía, así coma no espazo Cidadanía da páxina do Servizo Galego de Saúde.

Na reunión do Consello Reitor do Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago (IDIS) do 20 de maio de 2016, tratouse a necesidade de promover a investigación sobre a endometriose. Recollido textualmente na acta de dita reunión: baixo o punto 'Fomento da Investigación sobre endometriose'".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2018 9:19:39



AG/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 23445**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela, don Abel Fermín Losada Álvarez e dona Noela Blanco Rodríguez, sobre **“a opinión do Goberno galego respecto da eficacia do modelo de colaboración público-privada elixido para a construción do Hospital Álvaro Cunqueiro, de Vigo”**, (publicada no BOPG número 247 do 25 de xaneiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A construción do Hospital Álvaro Cunqueiro permitiu acabar co déficit en materia sanitaria que arrastraba a comarca de Vigo e puidose levar adiante pese á crise económica.

A apertura e posta en marcha do Álvaro Cunqueiro ten permitido acometer unha reordenación integral da atención hospitalaria en Vigo, que ten sido moi complexa, pero que en moi pouco tempo se ten revelado moi positiva, especialmente para os pacientes.

As valoracións dos pacientes son extraordinariamente favorables, e o millón, aproximadamente, de enfermos que pasan polas súas instalacións amosan altas cotas de satisfacción nas enquisas que periodicamente se efectúan para contrastar a súa opinión.

As valoracións profesionais, como demostran os rankings de reputación publicados a finais do ano pasado, colocan ao CHUVI nun nivel de recoñecemento profesional sen precedentes, situándoo entre os mellores 30 hospitais de España e como o mellor de Galicia.

O Álvaro Cunqueiro, un dos hospitais máis modernos e avanzados de Europa, reúne as mellores condicións de confortabilidade para os pacientes e as súas familias, cun nivel

profesional excelente que ten á súa disposición a mellor tecnoloxía dispoñible, dirixida a prestar unha medicina de vangarda”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2018 9:19:32



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2018 09:30
Nº Rexistro: 37170

Data envío: 20/09/2018 09:19:26.930

Data 20/09/2018 09:19

AG/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 23446**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela, don José Antonio Quiroga Díaz e dona Noela Blanco Rodríguez, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto do aumento dos servizos do Hospital Comarcal de Monforte de Lemos a curto e medio prazo”**, (publicada no BOPG número 247 do 25 de xaneiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Nos últimos anos produciuse no Hospital Comarcal de Monforte de Lemos un aumento importante en relación cos recursos humanos do hospital, ofrecéndose novos servizos e reforzando algúns xa existentes. Así mesmo, tamén se fixo inversión para mellorar a infraestrutura do hospital e os recursos materiais do mesmo”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

páxina 1 de 1

CVE-PREPAR: 8c7cdcc9-3262-b876-b777-4c5662003528



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2018 9:19:23



AG/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 23448**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona Noela Blanco Rodríguez, sobre **“a opinión do Goberno galego respecto da posibilidade de evitar que algunhas persoas terminaran por acudir aos practicantes de técnicas alternativas non científicas coa mellora da eficiencia do sistema sanitario”**, (publicada no BOPG número 247 do 25 de xaneiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O Sistema Público de Saúde de Galicia está configurado por diversos principios reitores, dos que hai que destacar, por unha banda, a calidade do servizo que se presta e, por outro, a acreditación e avaliación continua dos propios servizos.

A calidade ten como finalidade a de outorgar seguridade na atención clínica e na organización dos servizos sanitarios e a acreditación e avaliación teñen como fin último dispor de centros, establecementos e servizos controlados e garantidos pola Inspección de Servizos Sanitarios.

En definitiva a Administración sanitaria ten establecido un réxime de autorizacións de funcionamento de centros, establecementos e servizos que ao facerse públicos garanten que todas as persoas poidan comprobar que un determinado centro dispón ou non de autorización.

A Consellería de Sanidade ten publicada na súa páxina web (www.sergas.es) a relación de centros, establecementos e servizos que dispoñen de autorización, polo que calquera persoa pode coñecer en calquera momento a realidade dun centro sanitario.

Por outro lado, a Inspección de Servizos Sanitarios realiza a comprobación de que os centros, establecementos e servizos dispoñen de autorización de forma continuada, actuando igualmente nos casos en que ten coñecemento da realización de actividades sen o control adecuado.

A eficiencia do Sistema Público de Saúde de Galicia é ben coñecido polos usuarios e así o manifestan nas enquisas que se publican. En todo caso, a mellora dos obxectivos de calidade e de transparencia é unha finalidade propia da Administración sanitaria que contribúe a incrementar a confianza dos usuarios no sistema”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2018 9:19:16



AG/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 23449** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona Noela Blanco Rodríguez, sobre **“a valoración do Goberno galego respecto do estudo presentado no Congreso da Sociedade Española de Médicos de Atención Primaria e referido á porcentaxe de enfermidades crónicas atendidas e as dificultades existentes para prescribir tratamentos innovadores”**, (publicada no BOPG número 247 do 25 de xaneiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Unha proporción moi significativa do orzamento sanitario destínase aos medicamentos, polo que debemos ser especialmente rigorosos na súa utilización. No Sistema Sanitario de Saúde Pública realízase, coa necesaria e imprescindible colaboración dos profesionais, un uso eficiente dos recursos farmacolóxicos para garantir a introdución daqueles medicamentos innovadores que teñan demostrada a súa eficacia e utilidade para os pacientes. A calificación do medicamento que o restrinxe a unha prescrición de ámbito hospitalario é outorgada pola AEMPS (Agencia Española de Medicamentos y Productos Sanitarios)”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2018 9:19:08



AG/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno número: **23451** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona Noela Blanco Rodríguez, sobre “**a valoración da Consellería de Sanidade do feito de que o concello de Cuntis permanecera sen atención sanitaria parte do día 31 de xullo**”, (publicada no BOPG número 247 do 25 de xaneiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O Municipio de Cuntis durante o 31 de xullo tivo sempre atención sanitaria. É certo que entre as 8:00 horas e as 09:25 horas non houbo médico de presenza física no Centro de Saúde por circunstancias sobrevidas, pero o Municipio tivo atención sanitaria, xa que se deron as correspondentes instrucións ao Centro de Saúde de Caldas para que no caso de producirse algunha urxencia se atendese no mesmo (isócrona 8-10 minutos aprox.). Tamén se informou ao 061 da situación, e no Centro de Saúde de Cuntis había persoal administrativo e de enfermería.

A atención sanitaria de Cuntis en ningún caso sufriu ningún abandono e as coberturas das ausencias de persoal no Centro de Saúde de Cuntis realízase con criterios exclusivamente técnicos. A formación e profesionalidade do persoal sanitario do Servizo Galego de Saúde garante unha adecuada atención sanitaria ás veciñas e veciños de Cuntis e as ausencias do persoal son sempre cubertas”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2018 9:18:59



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2018 16:30
Nº Rexistro: 37267

Data envío: 20/09/2018 16:07:40.381

Data 20/09/2018 16:07

AG/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 23455** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración do Goberno galego en relación coa existencia de minusvaloración da muller na diagnose e tratamento dos problemas de saúde”**, (publicada no BOPG número 247 do 25 de xaneiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Desde o Servizo Galego de Saúde se presta asistencia sanitaria sen discriminación algunha por razón de nacemento, raza, sexo, relixión opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

páxina 1 de 1

CVE-PREPAR: f57b7ec0-ed88-72a1-b496-8e904c119062



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2018 16:07:37



AG/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 23456** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona Noela Blanco Rodríguez, sobre **“a valoración da Consellería de Sanidade en relación co feito de que o concello de Meaño non teña a atención dun pediatra como consecuencia da redución de servizos no verán”**, (publicada no BOPG número 247 do 25 de xaneiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“No concello de Sanxenxo a poboación é de de 14.551 TIS (Tarxeta Individual Sanitaria) de adultos, que son atendidos en xornada ordinaria por 9 médicos de familia e 2.303 TIS de menores de 14 anos que son atendidos por 2 pediatras.

Estance a cubrir as ausencias cos mesmos criterios que en calquera outro centro de saúde, garantindo unha asistencia e accesibilidade adecuada á poboación.

No caso concreto da pediatría de Sanxenxo, produciuse unha xubilación dun titular no mes de xaneiro e, dada a ausencia de especialistas en pediatría nas listas, está cuberta cun especialista en medicina familiar e comunitaria, con preparación adecuada na súa especialidade, para atender á poboación infantil; a outra pediatra atópase en activo.

Consideramos, atendendo aos datos sinalados anteriormente, que o servizo no Centro de Saúde de Baltar é axeitado para as TIS que temos que atender.

En horario de Atención continuada os concellos de Sanxenxo e Meaño son atendidos no PAC situado en Baltar (concello de Sanxenxo) no que contan cun persoal de 5 médicos, 4 DUEs e 4 PSXs, con presenza de luns a venres de 1 médico, 1 DUE e 1 PSX en xornada de 15 a 8 h. e na fin de semana a tarde do sábado e a mañá e tarde do domingo 2 médicos.

Entendemos que a cobertura é axeitada para a poboación a atender.

A actividade de Urgencias é coordinada polo 061, quen define, con criterios de carácter técnico, os medios con que debe dotar cada área; e que tamén reforza a súa dotación no período estival cunha ambulancia medicalizada.

As urxencias, que así o requiren son derivadas ao Hospital Provincial ou a Montecelo, situados a unha isócrona adecuada e dotados ambos dos medios materiais e humanos oportunos para dar unha resposta de calidade aos problemas sanitarios.

Ao tratarse dunha zona turística, refórzanse os servizos sanitarios, tanto en Semana Santa como en verán (de 1 de xullo a 15 de Setembro):

Semana Santa: (xoves, venres, sábado e domingo): 1 Médico de familia e 1 DUE a maiores do habitual.

Verán: horario de mañá de luns a venres 2 MF e 1 DUE a maiores do persoal

horario de tarde de luns a venres 1 MF e 1 DUE

sábados e domingos de 8 a 8h. 1 MF e 1DUE

A formación e profesionalidade do noso persoal sanitario é da mais alta calidade, e a análise da actividade de dita área reflicte que a dotación é a adecuada para poder garantir unha asistencia sanitaria de calidade, tanto en adultos coma na poboación infantil, para a poboación destes municipios, como para a afluencia de turistas que os visitan”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2018 9:18:44



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2018 16:30
Nº Rexistro: 37266

Data envío: 20/09/2018 16:07:33.865

Data 20/09/2018 16:07

AG/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 23457** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións da Xunta de Galicia respecto da cobertura da baixa da pediatra titular do Centro de Saúde de Chantada”**, (publicada no BOPG número 247 do 25 de xaneiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería de Sanidade planifica os permisos regulamentarios e situacións de incapacidade temporal dos profesionais dos Centros Asistenciais do seu ámbito, de tal xeito que non supoñan unha diminución da calidade asistencial. Por mor da falta de dispoñibilidade de pediatras estamos a xestionar os recursos dispoñibles para manter de xeito continuado a atención pediátrica nos nosos Servizos de Atención Primaria. As ausencias dos profesionais e as súas substitucións estanse a valorar no conxunto da Área, utilizando os recursos dos que dispoñemos naqueles servizos onde son mais necesarios, sendo Chantada un dos servizos prioritarios.

Para dar cobertura á poboación infantil fíxose unha reestruturación dos profesionais da especialidade de pediatría na zona sur da provincia de Lugo, de tal xeito que unha pediatra vinculada ao Hospital de Monforte, desprázase dous días á semana ao Centro de Saúde de Chantada para dar asistencia básica pediátrica (incluíndo o programa do neno san) .

Non obstante é preciso recordar que, a atención á demanda espontánea ou de urxencia que a diario realizan os pediatras, de non estar estes no Centro de Saúde, é prestada polo

páxina 1 de 2

CVE-PREPAR: 16f24eb2-f2a9-8921-9071-1556dcb4e965

médico de familia, e si este o ve necesario poderá enviar ao hospital referente do ámbito desta Xerencia de Xestión Integrada”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE*)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2018 16:07:29



AG/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 23460** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona Noela Blanco Rodríguez, sobre **“a posibilidade de solicitarlle ao Goberno de España a inclusión da podoloxía na carteira básica do Sistema Nacional de Saúde”**, (publicada no BOPG número 247 do 25 de xaneiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A solidariedade nas prestacións inclúe actuar con responsabilidade, non quebrando a congruencia do propio Sistema Nacional de Saúde.

A inclusión de novas prestacións en carteira debe levarse a cabo de forma unificada e priorizando as necesidades. En calquera caso, de forma homoxénea, solidaria e consensuada en todo o sistema.

Neste momento, en Galicia, estase levando a cabo un estudio para asinar un acordo de colaboración co Colexio Oficial de Podólogos de Galicia para realizar actividades conxuntas. A inclusión unilateral de prestacións sen valoración por parte do conxunto dos servizos sanitarios do Sistema Nacional de Saúde non é unha opción a considerar.

A valoración de estudio da pertinencia de incluír a categoría de podólogo debe realizarse de forma conxunta coa valoración da inclusión en carteira”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2018 9:18:36



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2018 16:30
Nº Rexistro: 37265

Data envío: 20/09/2018 16:07:26.271

Data 20/09/2018 16:07

AG/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 23461** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración do Goberno galego das condicións nas que se realizan as probas de glicosa para embarazadas nos centros hospitalarios do Sergas”**, (publicada no BOPG número 247 do 25 de xaneiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“É un feito que as condicións da sala na que se realizan as probas de glicosa no Hospital Provincial de Pontevedra é mellorable en canto á amplitude de espazos, tendo en conta, ademais, que se trata de pacientes embarazadas que adoitan vir acompañadas.

É importante precisar que a localización desta sala no Hospital Provincial de Pontevedra obedece a que neste mesmo centro está situada á área materno-infantil, de que a mellor opción segue sendo manter neste centro a zona de realización de ditas probas.

En calquera caso e sendo de sobra coñecido que no Hospital Provincial de Pontevedra os espazos están aproveitados ao máximo, nos últimos anos mellorouse a zona asignada á realización destas probas funcionais dotando ademais a sala actual con cadeiras de brazos mais confortables.

O plan funcional do Gran Montecelo ven a resolver esta situación. Dito plan contempla esta circunstancia e no proxecto xa ten asignada unha zona con superficie suficiente para a realización destas probas.

páxina 1 de 2

CVE-PREPAR: b22ff876-eb45-d749-17f6-ecd1f4c1d9

No resto dos centros hospitalarios do Sergas existen as condicións necesarias en termos de espazo, medios e persoal para a correcta realización da proba da glicosa en embarazadas”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE*)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2018 16:07:23



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 23462** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a existencia dun déficit de inspectores médicos no sistema sanitario de Galicia”**, (publicada no BOPG número 247 do 25 de xaneiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“En relación aos inspectores médicos cómpre sinalar que as leis de orzamentos dos últimos anos teñen impedido a convocatoria de oferta pública de emprego nesa categoría. En calquera caso, as xubilacións e demais baixas foron cubertas segundo as necesidades acreditadas”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2018 16:07:15



AG/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 23464**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona Noela Blanco Rodríguez, sobre **“as posibilidades do Goberno galego para garantir que a atención sanitaria en Galicia está durante o verán ao mesmo nivel que o resto do ano”**, (publicada no BOPG número 247 do 25 de xaneiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A atención sanitaria en Galicia está garantida durante todo o ano, polo que non é diferente no verán.

A planificación sanitaria leva a xestión e adecuación dos recursos ás necesidades asistenciais. Así, o Servizo Galego de Saúde planifica, todos os anos, a adecuación dos recursos asistenciais no período estival tendo en conta o decrecemento da demanda asistencial, motivado pola diminución da morbilidad estacional de determinadas patoloxías así como os datos obxectivos achegados por distintos indicadores asistenciais e de actividade.

Nesta mesma liña de planificación, o Servizo Galego de Saúde realiza a oportuna xestión das ausencias do persoal tendo en conta a demanda asistencial, en garantía da saúde da cidadanía.

Cómpre engadir que este tipo de planificación e xestión sanitaria non é una peculiaridade do noso Sistema, senón que se trata de algo que se fai tamén todos os anos en todos os Servizos de Saúde.

Con base aos criterios e indicadores de planificación asistencial relatados anteriormente, durante o período estival do ano 2016 o número de camas que estiveron funcionantes no Servizo Galego de Saúde foi de 87,94%, e a porcentaxe de ocupación durante estes meses foi do 75%.

Neste ano 2017 durante os meses de verán a porcentaxe de camas funcionantes será de 88,93%, un punto porcentual máis que no mesmo período do ano anterior.

É necesario puntualizar que aínda que a porcentaxe de camas funcionantes é superior ao de ocupación de anos previos, este poderíase incrementar se a demanda asistencial así o precisase.

A porcentaxe media de ocupación durante todo o ano 2016 foi do 76,64%.

Destacar que a sanidade e por tanto as necesidades asistenciais son procesos dinámicos. Dito isto, contrataranse o número de profesionais que sexan necesarios en cada momento para garantir a asistencia sanitaria nos centros.

Sempre que existe unha necesidade asistencial, as diferentes EOXI, conforme á súa autonomía de xestión, utilizan as listas de contratación para formalizar todos os nomeamentos que son necesarios, máxime no período estival, no que hai que conciliar o dereito as vacacións do persoal coa atención á poboación.

Tal e como se expuxo anteriormente, é a nosa responsabilidade adoptar as medidas de xestión pertinentes para garantir a asistencia sanitaria. Neste sentido, o SERGAS contrata todo o persoal que, obxectivamente, é necesario para manter a actividade asistencial dos nosos centros sanitarios.

Polo tanto, a xestión das ausencias e planificación das substitucións realízanse tendo en conta a demanda asistencial, é dicir, substitúense con persoal eventual o 100% das ausencias que se precisen, en función das necesidades de cada centro.

Proba de que a Administración substitúe no período de vacacións, é que se esgotan as listas de dispoñibles, especialmente enfermaría e médicos de familia.

A xestión dos recursos humanos no SERGAS faise co criterio de garantir a asistencia sanitaria precisa, segura e de calidade en todos os ámbitos da atención: centros hospitalarios, de atención primaria e puntos de atención continuada.

Cómpre puntualizar que as camas hospitalarias non se pechan, as camas hospitalarias están todas dispoñibles de acordo coas necesidades de hospitalización dos pacientes en cada momento.

O SERGAS leva a cabo unha planificación sobre cal será a ocupación prevista de camas durante a época de verán tanto por ingresos médicos como os derivados da actividade cirúrxica. Esta planificación elabórase tras un estudo no que se ten en conta a frecuentación das distintas áreas hospitalarias e en cada área sanitaria concreta, en períodos similares anteriores.



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2018 09:30
Nº Rexistro: 37163
Data envío: 20/09/2018 09:18:32.710



No caso de hospitalización, mantéñense operativos un 10-12 % máis de recursos dos que se prevé que van ser necesarios e o resto estarán dispoñibles en todo momento.

En resumen, a adecuación dos recursos asistenciais expónse como un conxunto de medidas de xestión que, garantindo a asistencia sanitaria aos usuarios, adáptase á realidade estival e preserva a eficiencia do noso sistema sanitario (como é obrigado nun sistema público)".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

CVE-PREPAR: 0fa4d100-13f0-6f58-3dd3-e791b50a29b8

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2018 9:18:28



AG/mm

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 23465** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona Noela Blanco Rodríguez e, sobre **“o grao de consenso acadado cos colectivos do eido sanitario no anteproxecto de lei de reforma da Lei de Saúde”**, (publicada no BOPG número 247 do 25 de xaneiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A Lei 1/2018, do 2 de abril, pola que se modifica a Lei 8/2008, do 10 de xullo de saúde de Galicia publicouse no DOG do 9 de abril de 2018 e entrou en vigor aos 20 días da súa publicación. ”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2018 9:18:19



AG/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 23466**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela, dona Noela Blanco Rodríguez, dona M^a Dolores Toja Suárez e dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, sobre **“a paralización da realización de retinografías no centro de saúde de Carballo por causa de non substituír un profesional de Atención Primaria”**, (publicada no BOPG número 247 do 25 de xaneiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O número de profesionais que se formaron foi de 3 profesionais de enfermaría familiar e comunitaria, que xunto co profesional que contaba ca formación e xa desenvolvía esta técnica no Centro de Saúde de Carballo, fan un total de 4 profesionais formados no Servizo de Atención Primaria de Carballo.

Foron necesarias dúas xornadas para levar a cabo a formación mínima e necesaria para levar a cabo a técnica de retinografía completa.

Estas profesionais non tiñan como finalidade a cobertura da baixa laboral do profesional en incapacidade temporal, senón que se desprazaron a impartir esta formación, actividade que está dentro da práctica profesional desta categoría sanitaria. A asistencia nos seus centros de orixe desenvolveuse con absoluta normalidade.

A retinografía é unha técnica incorporada á practica habitual da enfermaría e forma parte das actividades preventivas e de seguimento “normal” con pacientes con determinadas patoloxías crónicas, levadas a cabo polo equipo asistencial de Atención Primaria de xeito integrado.

En ningún momento a actividade do PAC de Carballo veuse afectada por esta actividade, xa que os Puntos de Atención Continuada (PAC) son os dispositivos onde se desenvolve a atención urgente extra hospitalaria e foron creados para dispensar atención inmediata a aquelas patoloxías máis graves, fora do horario de funcionamento dos Centros de Saúde, pero en ningún caso, para levar a

cabo actos asistenciais que son perfectamente asumibles dentro dunha programación ordinaria e que se realizan de xeito integrado na asistencia realizada polos profesionais habituais e que fan un seguimento axeitado da evolución do paciente”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2018 9:18:09



AG/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 23470** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona Noela Blanco Rodríguez, sobre **“as medidas propias que ten previsto adoptar o Goberno galego para paliar os problemas de persoal na sanidade galega”**, (publicada no BOPG número 247 do 25 de xaneiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde mantivo unha xuntanza cos sindicatos da Mesa Sectorial de Sanidade en outubro de 2016 co obxecto de analizar a situación dos nomeamentos eventuais do persoal e a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza da Unión Europea.

Nese mesmo momento a Administración clarificou que se trata dunha sentenza ditada a consecuencia dunha cuestión prexudicial exposta por un xulgado con ocasión dunha demanda dunha profesional do Servizo Madrileño de Saúde, non do Sergas; e que esta resolución avala a existencia de sucesivos contratos temporais formalizados cos profesionais, sempre que respondan a necesidades conxunturais non permanentes e existan razóns obxectivas para a súa formalización. Tamén permite a existencia doutro tipo de nomeamentos como os de substitución ou os de curta duración (pool), fundados nas necesidades do sistema sanitario.

No sistema sanitario público de Galicia estase a cumprir o Pacto de contratación temporal recentemente asinado coas organizacións sindicais e ademais as causas que motivan os nomeamentos poden ser periodicamente revisadas de cara a valorar a creación de prazas estruturais nos centros de conformidade coas dispoñibilidades orzamentarias. Neste sentido, no ano 2015 estabilizáronse máis de 1000 profesionais e no ano 2016 case 800.

A estabilidade no emprego constituíu nestes últimos anos unha das liñas básicas da política de recursos humanos do Servizo Galego de saúde, que se manterá de cara ao futuro.

A través do Decreto 125/2017, do 30 de novembro, se aproba a oferta de emprego público correspondente a diversas categorías de persoal estatutario do Sergas. (1.616 prazas)”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2018 9:17:43



AG/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 23471** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto do mantemento dun custo para as persoas usuarias do servizo de asistencia sanitaria telefónica”**, (publicada no BOPG número 247 do 25 de xaneiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Co sistema instaurado no ano 2008 só se ofertaba a posibilidade de solicitar cita previa para o médico de familia, chamando a un dos dous números 902 que existían.

Os cidadáns podían chamar a un destes números, o que supoñía un alto custo, ou aos centros de saúde, que atenden en horario laboral, e que tiñan un alto grao de saturación nas súas liñas telefónicas.

Dende xuño de 2012, neste novo servizo intégranse todos os teléfonos de atención ao público, desta forma, o cidadán elixe o medio que lle resulte máis cómodo e económico para pedir cita:

Chamar ao seu centro.

Chamar ao 902 077 333 en calquera franxa horaria, os 7 días da semana.

Páxina web do Sergas (www.sergas.es), tamén dispoñible para o cidadán as 24 horas do día, os 7 días da semana.

Na actualidade, ademais dos servizos de cita previa en Atención Primaria, médico de familia e pediatra que xa se ofrecían, tamén dispón dos servizos de enfermería, odontoloxía, matrona, analíticas, vacinas e actos varios, como por exemplo a cita para a primeira visita do neno ao odontólogo.

Outro servizo dispoñible é a solicitude de atraso ou anulación de citas hospitalarias, e acceder á consulta telefónica (chamadas de orientación clínica ao paciente por parte do persoal sanitario da Fundación Pública Urxencias Sanitarias-061).

Todos os teléfonos de cita previa dos centros de saúde funcionan agora como unha única central coordinada con este teléfono único, garantindo un custo para o cidadán de chamada local e permitíndolles aforros nas súas chamadas.

O teléfono único implica ao persoal propio dos centros na petición de cita telefónica; este persoal é o primeiro ao que se dirixen as chamadas dos pacientes para solicitar unha cita. Co obxectivo de dar sempre resposta ao usuario, en caso de que os centros de saúde non poidan atender unha chamada é derivada ao sistema de recoñecemento de voz (IVR). Se non é posible resolvelo mediante este sistema, en último caso diríxese a operadores externos.

Este teléfono está integrado co servizo de cita previa en atención primaria da páxina web do Sergas (www.sergas.es), tamén dispoñible para o cidadán as 24 horas do día os sete días da semana”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais

e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2018 16:07:07



AG/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 23472** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona Noela Blanco Rodríguez, sobre **“a valoración do Goberno galego do proceso xudicial e as evidencias específicas sobre a presunta información privilexiada por parte dunha empresa concreta no proceso de renovación dos contratos de transporte sanitario urxente”**, (publicada no BOPG número 247 do 25 de xaneiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O proceso de contratación realizouse de conformidade á Lei de Contratos do Sector Público e ao establecido no prego de cláusulas administrativas particulares, garantindo en todo momento o cumprimento estrito da legalidade vixente.

Ata este momento, as resolucións de once recursos presentados ante o Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais (TACRC) de Madrid foron favorables á Fundación Pública de Urgencias Sanitarias de Galicia-061.

O Goberno galego sobre procesos xudiciais que se atopan en fase de instrución non debe realizar valoracións para non interferir sobre as decisións do órgano xudicial e garantir o dereito a presunción de inocencia”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2018 9:17:36



AG/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 23474** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona Noela Blanco Rodríguez, sobre **“as previsións da Xunta de Galicia para realizar algún tipo de acción para revertir o efecto sobre a poboación galega. do Real decreto 16/2012, do 20 de abril de medidas urxentes para garantir a sustentabilidade do Sistema Nacional de Saúde e mellorar a calidade e seguridade das súas prestacións”**, (publicada no BOPG número 247 do 25 de xaneiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“En Galicia deseñouse un instrumento, o Programa Galego de Protección Social da Saúde Pública (PGPSSP), que, dende a entrada en vigor do RD 16/2012, permitiu seguir atendendo ás persoas que non reunían a condición de aseguradas, ou beneficiarias, e que non tiveran acceso ás prestacións sanitarias por outro medio.

A implantación do programa priorizou, en todo momento, a continuidade asistencial destas persoas, asegurando que quen o precisase puidera recibir a asistencia sanitaria que requirise.

Existen outros programas complementarios a este, o de atención aos menores estranxeiros en situación administrativa irregular que teñen acceso directo ao sistema sanitario público, de acordo co previsto no RD 16/2012; así como o programa de enfermidades transmisibles, polo que calquera inmigrante en situación irregular que non teña nin poida ter cobertura por outro medio, con sospeita dunha enfermidade infecciosa de declaración obrigatoria, ou sospeita dela, recibe atención sanitaria.

O 31 de xullo de 2018 entrou en vigor o Real Decreto-Lei, de 27 de xullo, sobre o acceso universal ao Sistema Nacional de Salud”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2018 16:07:00



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2018 16:30
Nº Rexistro: 37261

Data envío: 20/09/2018 16:06:57.036

Data 20/09/2018 16:06

AG/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 23477** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona Noela Blanco Rodríguez, sobre **“o exercicio das xefaturas de servizo ou unidades de atención primaria no Sergas por persoas que non se viñan dedicando de maneira exclusiva ao sistema sanitario público”**, (publicada no BOPG número 247 do 25 de xaneiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A actual normativa (Decreto 206/2005, de 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde) contempla a posibilidade de compatibilizar o exercicio de xefaturas asistenciais coa actividade fóra do sistema sanitario público. Non obstante, quen realiza un compromiso de dedicación exclusiva ao desempeño da xefatura no Sergas, ten unha puntuación adicional no proceso selectivo previo ao nomeamento na devandita xefatura.

Xa se exerzan prazas bases ou xefaturas, os profesionais deben cumprir a normativa de incompatibilidades do sector público”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais

e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

páxina 1 de 1

CVE-PREPAR: b20b4043-a2c1-2821-bca9-dafd1d91be13



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2018 16:06:53



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2018 09:30
Nº Rexistro: 37158
Data envío: 20/09/2018 09:17:32.506

Data 20/09/2018 09:17

AG/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 23558**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outras/os deputadas/os do mesmo grupo, sobre “**os prazos para a posta en funcionamento do novo servizo de cociña do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense**”, (publicada no BOPG número 247 do 25 de xaneiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“En relación coa nova cociña que se instalará no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, de momento mantense a previsión de posta en funcionamento a finais do 2018”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

páxina 1 de 1



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2018 9:17:29



AG/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 23619** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a reforma impulsada polo Goberno galego relativa ao sector das farmacias e á redución á metade da puntuación do coñecemento da lingua galega no baremo específico de méritos para a adxudicación de novas oficinas de farmacia”**, (publicada no BOPG número 247 do 25 de xaneiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O Decreto 66/2018, do 14 de xuño polo que se modifica o Decreto 146/2001, sobre planificación, apertura, traslado, peche e transmisión de oficinas de farmacia, ten como principal finalidade mellorar o procedemento de concurso público para a adxudicación de novas oficinas de farmacia simplificándoo para que resulte máis áxil e sinxelo e de máis pronta resolución. Ademais establecer un baremo equilibrado que permita a valoración dos méritos das persoas concursantes axustada ao desempeño profesional que levarán a cabo, dentro do marco previsto na Lei 5/99 de Ordenación Farmacéutica.

Así se teñen en conta os seguintes aspectos no proxecto de decreto, neste momento en exposición pública:

- experiencia profesional 60 puntos
- méritos académicos 15 puntos
- formación continuada 10 puntos
- publicacións 4 puntos
- coñecemento galego 5 puntos
- discapacidade 5 puntos
- fomento e creación de emprego 1 punto

No caso do coñecemento da lingua galega se adaptou a máxima valoración que ten na actualidade nas convocatorias de concursos-oposición para o ingreso en diversas especialidades da categoría de facultativo/a do Servizo Galego de Saúde”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2018 16:06:47



AG/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 24257**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“as medidas que vai adoptar o Goberno galego respecto das consecuencias da supresión do Servizo de Cirurxía Pediátrica as 24 horas do día na zona de Ourense”**, (publicada no BOPG número 255 do 7 de febreiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A área de servizo compartido ven funcionando correctamente. No CHUO intervíronse no ano 2017 un total de 170 pacientes e realizáronse 1.129 consultas externas. Nos dous primeiros meses do ano 2018, a actividade cirúrxica incrementouse nun 27% (51 intervencións) e as consultas externas nun 16% (218 consultas) sobre o mesmo período do ano 2017 e as listas de espera cirúrxica e de consultas veñen con descensos continuos en número de pacientes e en esperas medias, ata o punto que neste momento a consulta externa de primeiras consultas xa non ten demora.

A decisión da creación da Área de servizo compartida obedece a causas de tipo asistencial e técnico e teñen o seu refrendo e soporte legal na Lei 8//2008, de Saúde de Galicia (artigos 32 e 97) e do Decreto 37/2001, de 1 de febreiro, de áreas de servizo compartido en estruturas hospitalarias do Servizo Galego de Saúde.

Os criterios de carteira de servizos na cirurxía pediátrica na Área de servizo compartido se teñen fixado atendendo a motivos asistenciais e profesionais. Neles están representados os servizos de cirurxía pediátrica, pediatría, cirurxía xeral, anestesia e reanimación, calidade, admisión de pacientes e uroloxía. Polo tanto, se procura a mellor atención posible tendo en conta a casuística, a experiencia clínica e a dotación necesaria para afrontala.

Os custos de desprazamento son os normais nestes casos e non se diferencian dos resultantes dos desprazamentos ordinarios de pacientes adultos entre hospitais de Galicia e incluso de fora da

Comunidade Autónoma, tanto para consulta como para exploracións, tratamentos ou seguimentos de patoloxías.

No caso de cirurxía pediátrica en Ourense, as demoras medias para consultas externas están dentro das ratios do SERGAS para esta especialidade. En Ourense, a xuño de 2018, a espera media de cirurxía foi de 32,1 días e a espera media de consultas externas foi de 18 días.

A prestación da cirurxía pediátrica en Ourense está garantida e as ratios son as adecuadas”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2018 9:17:10



AG/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 24273** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración da Xunta de Galicia respecto da convocatoria de mobilizacións polas traballadoras do servizo de limpeza do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense”**, (publicada no BOPG número 255 do 7 de febreiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Desde a Xerencia de Xestión Integrada de Ourense instouse a concesionaria do servizo de limpeza, Ferrovial Servizos, a procura dunha pronta solución ao conflito laboral, que mantíña cos seus traballadores, evitando que afectase ao mantemento do servizo contratado co Sergas.

Para contribuír a unha solución de consenso, a Xerencia do Sergas en Ourense ofreceuse a mediar entre ambas partes, coas que mantén un contacto continuado, non sendo preciso xa que o conflito foi resolto satisfactoriamente, sen afectar a actividade asistencial”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2018 16:06:33



AG/mm

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno número: **24281** formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre “**a opinión do Goberno galego respecto da situación que están a padecer o persoal e os doentes, a consecuencia do problema de sobrecarga que hai no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense**”, (publicada no BOPG número 255 do 7 de febreiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A Xerencia de Xestión Integrada de Ourense tense reunido sempre que a Comisión de Centro o ten solicitado de xeito ordinario e de xeito extraordinario para falar da situación do Hospital. A Comisión de Centro foi a que se levantou nas últimas reunións mantidas coa Xerencia e non quixo continuar coa orde do día establecida para a reunión ordinaria do mes de xaneiro da Xerencia coa Comisión de Centro. Estas reunións retomáronse o venres 9 de febreiro e acordouse a cobertura pertinente.

O novo edificio de hospitalización ten unidades de 41 camas e está dotado do persoal necesario para dar asistencia.

A Xerencia de Xestión Integrada de Ourense dota do persoal necesario para prestar a asistencia e a atención precisa a todos os pacientes que ingresan nas unidades do novo edificio de hospitalización.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 18/09/2018 14:14:04



AG/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 24523** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración da Xunta de Galicia en relación coa nova Unidade de Coidados Paliativos do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense”**, (publicada no BOPG número 255 do 7 de febreiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Nas unidades de coidados paliativos a prioridade é proporcionar coidados físicos, psíquicos ou sociais ao paciente e á súa familia. Ourense conta cunha das primeiras Unidades de Coidados Paliativos que se puxeron en marcha en Galicia, comezou a súa actividade no ano 1996, vinculada ao Hospital Universitario de Ourense naquel entón no edificio Piñor, e ata hai uns meses no H. Sta. María Nai.

Co seu traslado o pasado mes de novembro, a unidade de paliativos gañou en canto ao número de cuartos individuais, xa que na actualidade dispón de 6 individuais e 2 dobres - ademais de 5 camas reservadas para seu uso de paliativos na planta de oncoloxía do novo edificio.

Para a atención destes pacientes, a unidade de paliativos conta con 6 enfermeiras e 6 auxiliares de enfermería, dotación óptima en función ao número de pacientes e cargas de traballo.

A actual localización da unidade, no edificio Cristal, na mesma planta que o Servizo de Oncoloxía, localización escollida polo propio persoal deste servizo, seguindo parámetros clínicos e funcionais, non só non empeora a situación anterior senón que a mellora substancialmente. De feito, agora, ao estar no mesmo núcleo de hospitalización, urxencias, unidade da dor, e probas diagnósticas ou analíticas, ningún paciente require de traslados en ambulancia, habituais con anterioridade, ou percorrer moita distancia desde a súa habitación.

O seu novo emprazamento non é unha zona de paso, xa que é unha área de acceso restrinxido. As instalacións melloraron substancialmente, cunha nova sala de estar de familiares, con espazo de descanso, aseos, duchas e televisión. Ademais, dentro da mesma unidade contan tamén cunha pequena sala de estar con cocíña, a disposición das familias e todas as habitacións contan cun sofá cama completo a plena disposición dos acompañantes”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 18/09/2018 14:13:56



AG/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 24945** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a situación das listas de espera e a derivación de doentes no Sergas”**, (publicada no BOPG número 255 do 7 de febreiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión da Comisión 5ª do 22.02.2018 polo director xeral de Asistencia Sanitaria- ao darlle resposta á pregunta 24944 sobre o mesmo tema e formulada polo mesmo grupo parlamentario”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 18/09/2018 14:13:49



AG/mm

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno número: **25243** formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“a opinión da Xunta de Galicia respecto da situación laboral na que se atopa o persoal de limpeza e mantemento da empresa Ferrovial que está a prestar servizos no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense”**, (publicada no BOPG número 260 do 14 de febreiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Desde a Xerencia de Xestión Integrada de Ourense instouse a concesionaria do servizo de limpeza, Ferrovial Servizos, a procura dunha pronta solución ao conflito laboral, que mantíña cos seus traballadores, evitando que afectase ao mantemento do servizo contratado co Sergas.

Para contribuir a unha solución de consenso, a Xerencia do Sergas en Ourense ofreceuse a mediar entre ambas partes, coas que mantén un contacto continuado, non sendo preciso xa que o conflito foi resolto satisfactoriamente, sen afectar a actividade asistencial. ”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 18/09/2018 14:13:42



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/09/2018 16:30
Nº Rexistro: 37011
Data envío: 18/09/2018 14:13:37.956

Data 18/09/2018 14:13

AG/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 25397** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da construción durante a X lexislatura dun novo centro de saúde en Ribadavia”**, (publicada no BOPG número 260 do 14 de febreiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión da Comisión 5ª do 15.11.2017 polo xerente do Sergas- ao darlle resposta á pregunta 19090 sobre o mesmo tema e formulada polo mesmo grupo parlamentario ”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

página 1 de 1

CVE-PREPAR: ba0e6f96-cfa0-b155-6183-b27d0639ca26



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 18/09/2018 14:13:34



AG/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 25831** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as medidas a adoptar polo Goberno galego destinadas a solucionar as deficiencias no centro de saúde de Tui”**, (publicada no BOPG número 260 do 14 de febreiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“As deficiencias detectadas no PAC de Tui estanse a solucionar e desde a Consellería de Sanidade continuarase a revisar o estado de execución das mesmas hasta que se subsanen definitivamente.

A Consellería de Sanidade está sempre en disposición de escoitar aos profesionais e ter en conta as súas achegas e poñelas en práctica para mellorar a prestación do servizo sanitario”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 18/09/2018 14:13:27



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/09/2018 16:30
Nº Rexistro: 37009
Data envío: 18/09/2018 14:13:22.659

Data 18/09/2018 14:13

AG/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 25973** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **a opinión do Goberno galego respecto da suficiencia da atención que se está a prestar no Sistema sanitario de Galicia ás persoas que padecen epilepsia**”, (publicada no BOPG número 264 do 21 de febreiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“No Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela (CHUS) temos o centro de referencia na Comunidade Autónoma de Galicia en todos os aspectos relacionados co diagnóstico e tratamento da epilepsia. Todos aqueles pacientes que non poden ser diagnosticados ou tratados nos seus hospitais de referencia poden ser enviados a esta Unidade, sobre todo aqueles pacientes con epilepsia refractaria.

No ano 1997 púxose en marcha a unidade médico-cirúrxica de epilepsia do CHUS, constituída polos servizos de neuroloxía, neurofisioloxía e neurocirurxía; e posteriormente incorporáronse outros servizos hospitalarios (neurorradioloxía, neuropsicoloxía, medicina nuclear, neuropediatría e anestesia).

O 1 de xaneiro de 2011, a Unidade foi designada polo Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad, como Centro de Referencia do Sistema Nacional de Saúde (CSUR).

Desde febreiro de 2016 esta Unidade forma parte da rede e-epilepsy, que é a rede paneuropea dos máis importantes centros de cirurxía de epilepsia, e ten como obxectivo fundamental mellorar a concienciación e a accesibilidade á cirurxía da epilepsia nos diferentes países da Unión Europea.

página 1 de 2

A Unidade de Epilepsia Refractaria dispón de todos os recursos humanos e materiais necesarios para ser centro de referencia.

A actual dotación do CSUR de epilepsia do CHUS é suficiente para ofrecer unha adecuada asistencia sanitaria ás persoas que así o precisen en Galicia.

En todas as EOXIS os pacientes son atendidos nos seus centros, nas consultas monográficas ou nas consultas de neuroloxía xeral.

Todos os pacientes con epilepsia refractaria da nosa Comunidade Autónoma derívanse para estudo e valoración á Unidade de Epilepsia Refractaria do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago, que como xa se comentou é CSUR, evitando así que os pacientes se teñan que desprazar fóra de Galicia.

A actividade investigadora da Unidade de Epilepsia Refractaria é importante xa que nos últimos anos tense participado en 10 ensaios clínicos de epilepsia e noutros 20 proxectos de investigación sobre esta enfermidade.

No ámbito docente, os membros da Unidade do CHUS e dos servizos de Neuroloxía dos hospitais do Servizo Galego de Saúde participaron e participan como docentes e organizadores de reunións sobre epilepsia de ámbito autonómico e nacional.

Ademais esta Unidade de Epilepsia Refractaria é referente para a formación de residentes de Neuroloxía doutros hospitais de España”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 18/09/2018 14:13:17



AG/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 26054** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e de dona Noela Blanco Rodríguez, sobre **“o coñecemento polo Goberno galego das condicións laborais do persoal dos puntos de atención continuada”**, (publicada no BOPG número 264 do 21 de febreiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Na Consellería de Sanidade escoitamos sempre aos traballadores e así, o 21 de febreiro, na Dirección Xeral de Recursos Humanos foi recibida unha delegación de traballadores de Puntos de Atención Continuada para coñecer as súas reclamacións, que tamén fixeron chegar por escrito.

Na Mesa Sectorial de Sanidade celebrada o 23 de febreiro de 2018 acordouse a creación dunha Comisión Técnica para afondar na análise de diferentes cuestións relativas ao persoal dos Puntos de Atención Continuada (PAC). A comisión ten por obxecto a análise dos temas relativos á dotación de persoal, xornada, retribucións e outras condicións de traballo dos profesionais dos PACS.

Téñense celebrado catro reunións da Comisión Técnica, 9 de marzo, 27 de abril, 22 de xuño e 4 de xullo, estando previsto continuar cos traballos desta comisión celebrando unha nova reunión no mes de setembro.

Neste marco de negociación é no que se tratarán as cuestións de índole puramente laboral e técnica que se expoñan”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 18/09/2018 14:13:10



AG/mm

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno número: **26234** formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Paula Quinteiro Araújo e don Marcos Cal Ogando sobre “**os avances producidos para o cumprimento o acordo parlamentario do 23 de novembro de 2016 respecto da interrupción voluntaria do embarazo**”, (publicada no BOPG número 264 do 21 de febreiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O Servizo Galego de Saúde establece os circuitos asistenciais que garanten o cumprimento da Lei Orgánica 2/2010, de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo, e que son desenvolvidas en cada unha das EOXI.

Na actualidade a aplicación da interrupción legal da xestación ata a 22 semanas pode levarse a cabo en 6 dos 7 principais hospitais galegos, e a partir do ano 2018 será posible en todos os hospitais da rede sanitaria Galega.

En canto as Interrupcións legais do embarazo a partir da 22 semana, concéntranse no Hospital Álvaro Cunqueiro que presenta as características necesarias, tanto de medios físicos como recursos humanos suficientes para levar a cabo esta función con todas as garantías.

Aos casos de interrupción voluntaria do embarazo (IVE) de menos de 14 semanas de xestación e que son de petición voluntaria por parte da muller, ofréceselle a posibilidade de escoller entre a realización nun hospital de rede pública galega ou si o prefire, segundo as súas circunstancias, acudir a unha das clínicas que teñen Autorización de Uso en Galicia.

Os datos estatísticos sobre abortos euxenéticos ata o 2015 poden consultarse na www.sergas.es/Saude-publica/IVE-Datos-estadisticos-Porcentaxes-IVEs-Táboas-gráficos

Do total de IVE (euxenésicas e voluntarias) deriváronse 553 no 2015 e 870 no 2016, sendo a maior porcentaxe de voluntarias xa que as euxenésicas a maioría son asumidas polo centro público de diagnóstico.

Ningúnha foi derivada fora do país, e fora da Comunidade Autónoma deriváronse 47.

Non consta no Sergas que se teña presentado na Coruña e Ferrol algunha denuncia no vulgado por ningunha muller en relación a IVE.

Desde o Sergas tense establecido o circuito asistencial para os casos de IVE común para todas as EOXI.

A formación continuada está sendo regulada e organizada a través da Axencia de Coñecemento en Saúde (ACIS).

A implantación de novos protocolos son notificados ás Xerencias coa información/formación requirida en cada caso.

En relación coas actuacións levadas a cabo para dar cumprimento aos acordos parlamentarios sinalar que se estableceu como centro de referencia para os IVES de máis de 22 semanas o hospital Álvaro Cunqueiro da EOXI de Vigo; procedeuse á elaboración e difusión dos circuitos asistenciais para mais de 14 semanas de xestión e mantense reunións cos directivos e Xefes de Servizo de cada EOXI para difundir a información relativa aos cambios nos procedementos. ”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 18/09/2018 14:13:03



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/09/2018 16:30
Nº Rexistro: 37006

Data envío: 18/09/2018 14:12:59.002

Data 18/09/2018 14:12

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 26532**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“os informes que posúe a Consellería de Sanidade en relación co grao de cumprimento do Plan de asistencia integral á saúde da muller en Galicia”**, (publicada no BOPG número 268 do 28 de febreiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O Plan de Atención Integral á Saúde da Muller de Galicia aprobado no 2007 incluía 32 proxectos interrelacionados entre si. Para a súa implantación e extensión elaboráronse varias guías técnicas co obxectivo de que os/as profesionais do Servizo Galego de Saúde (SERGAS) implementaran esas recomendacións.

Das guías elaboradas no 2008, algunhas foron revisadas e actualizadas en base a evidencia científica actual, entre elas destacar a de cribado de cancro de cérvix ou a de violencia de xénero, e outras están en proceso de revisión e actualización. Todas as guías e folletos divulgativos están a disposición de profesionais e usuarias/os na web do SERGAS.

Tamén se elaboraron novas guías técnicas de procesos asistenciais como a de abordaxe de disfuncións do solo pelviano feminino ou o protocolo de cribado da enfermidade de Chagas en mulleres embarazadas.

Este goberno considera que documentos como as guías técnicas e os protocolos son un instrumento útil para homoxeneizar a asistencia e diminuír así a iniquidade consecuencia da variabilidade asistencial.

Ademáis adecuáronse os espazos, realizándose reformas estruturais e mellora do equipamento dos espazos adicados á atención á saúde sexual e reprodutiva da muller.

Dentro da atención ás mulleres embarazadas incluíuse a vacina da tosferina co fin de que os neonatos reciban vía transplacentaria ou a través do leite materno anticorpos suficientes que os protexa desta infección os primeiros meses de vida.

Outro dos avances realizados por este Goberno nos últimos anos foi a creación de 2 bancos de leite humana (H Alvaro Cunqueiro e CHU de Santiago) para garantir, o subministro de leite materno doado de forma segura, para a alimentación de prematuros de menos de 32 semanas de xestación ou de menos de 1,500 gr. e de nenos/as enfermos que non poidan recibir leite da súa nai de forma transitoria ou permanente.

Tamén é de grande importancia continuar coa formación dos/as profesionais do SERGAS, así como da información axeitada á poboación, incluíndose dentro da oferta anual de formación continuada do SERGAS cursos relacionados coa saúde sexual e reprodutiva da muller á vez que se celebran reunións científicas de traballo multidisciplinar, xornadas e congresos.

Outra das demandas dos colectivos de mulleres é poder decidir sobre o seu parto e nacemento e co modelo de “plan de parto e nacemento” elaborado polo SERGAS, as matronas e obstetras do SERGAS dispoñen dun modelo único que segue as recomendacións do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade dentro do marco da Lei 41/2002, do 14 de novembro, básica reguladora da autonomía do paciente e de dereitos e obrigas en materia de información e documentación clínica e da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia. Mediante este documento, as mulleres e as súas parellas, poden manifestar por escrito os seus desexos, necesidades, preferencias e expectativas en relación o seu traballo de parto e o nacemento do seu bebé de forma que cando chega o momento do parto, todo o persoal que a atende durante o parto e posparto ten en conta todo isto para favorecer unha vivencia positiva e satisfactoria do nacemento do seu fillo ou filla.

Outro dos temas que se traballan de maneira transversal en todos os procesos asistenciais de saúde é a perspectiva de xénero para evitar sesgos de xénero tanto na atención prestada como na linguaxe.

Ademais, en relación coa violencia de xénero, o Servizo Galego de Saúde difundirá unha actualización da guía de violencia de xénero que será difundida polos Centros de Atención Primaria co obxectivo de formar na identificación das mulleres que puideran sufrir malos tratos por parte da súa parella.



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/09/2018 16:30
Nº Registro: 37006
Data envío: 18/09/2018 14:12:59.002

galicia

Elaborouse tamén unha guía de mutilación xenital feminina para dar coñecemento e difusión a unha práctica que dende o Servizo Galego de Saúde se quere eliminar, distribuída tanto aos Centros de Saúde como aos Centros de Orientación Familiar.

Na actualidade todos os proxectos contemplados na área sanitaria no Plan de Atención Integral á Saúde da Muller en Galicia están xa implementados na carteira de servizos do Servizo Galego de Saúde.

Para este goberno, a saúde das mulleres de Galicia segue a ser unha das súas prioridades fundamentais”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 18/09/2018 14:12:53



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/09/2018 16:30
Nº Rexistro: 37004

Data envío: 18/09/2018 14:12:40.470

Data 18/09/2018 14:12

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 26592**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e outras/os deputadas/as do mesmo grupo, sobre “**o prazo previsto polo Goberno galego para resolver as carencias que presenta a atención pediátrica que se está a prestar no concello de Ordes**”, (publicada no BOPG número 268 do 28 de febreiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O servizo de atención primaria de Ordes, (que comprende aos concellos de Trazo, Tordoia, Frades, Ordes e Mesia), conta con 3 pediatras a tempo completo en quenda de mañá, todas elas titulares e se nos referimos unicamente ao centro de saúde de Ordes hai 2 pediatras a tempo completo. Tendo en conta a análise das cargas asistenciais e os recen nados, estimamos que ten unha adecuada dotación de facultativos pediatras que garanten a atención sanitaria da poboación infantil”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

páxina 1 de 1



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 18/09/2018 14:12:37



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/09/2018 16:30
Nº Rexistro: 37002

Data envío: 18/09/2018 14:12:26.329

Data 18/09/2018 14:12

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 26680**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona Noela Blanco Rodríguez, sobre **“o numero de doentes do Sistema sanitario público de Galicia que foron derivados a un centro concertado para unha intervención cirúrxica no ano 2017”**, (publicada no BOPG número 268 do 28 de febreiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión da Comisión 5ª do 22.02.2018 polo director xeral de Asistencia Sanitaria- ao darlle resposta á pregunta 24944 sobre o mesmo tema e formulada polo mesmo grupo parlamentario”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

páxina 1 de 1



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 18/09/2018 14:12:23



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 26667**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona Noela Blanco Rodríguez, sobre **“a suficiencia das actuacións que está a levar a cabo a Xunta de Galicia para resolver o problema das listas de espera no sistema sanitario público”**, (publicada no BOPG número 268 do 28 de febreiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“No que respecta a espera cirúrxica, a 30 de xuño de 2018 o Servizo Galego de Saúde (centros SERGAS e H. POVISA) acadou un dato de Tempo Medio de Espera Cirúrxico de 59,8 días, dato mellor que o obtido en xuño de 2017 (-2,4 días) e polo tanto o mellor dende que se normalizou o rexistro no SNS (serie temporal de 14 anos).

Con estes datos Galicia continúa como unha das CA (a cuarta) con menores esperas dentro do SNS, que en decembro de 2017 tiña unha espera media de 106.

A demora media para primeiras consultas de enfermidade diminúe ao longo dos últimos anos, nos centros do Servizo galego de saúde situándose no primeiro semestre do 2018 en 37,3 (un día menos que no primeiro semestre do 2017).

O tempo medio de espera para probas diagnóstica no primeiro semestre do ano 2018 foi de 59,1 días (10 días menos que no mesmo período do ano 2017)”.
O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 18/09/2018 14:12:30



AG/mm

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno número: **26994** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a presentación polo Goberno galego dalgunha alegación ao proxecto de Real Decreto que vai determinar as condicións de seguridade das actividades de mergullo co fin de evitar que se dean circunstancias como a prohibición do mergullo en apnea para a extracción do longueirón”**, (publicada no BOPG número 272 do 7 de marzo de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Trátase dun borrador de Real Decreto do Ministerio de Fomento que determina as condicións de seguridade nas actividades de mergullo. Está en fase de exposición pública e de consulta co sector, polo que non hai nada definitivo a día de hoxe.

Non debemos esquecer que é un borrador de normativa que o Goberno central está debatendo cos representantes do sector de Galicia, e xa tiveron lugar diferentes reunións.

A Consellería do Mar informa que xa estudiamos este borrador de normativa e seguimos analizándoo de xeito que estaremos vixiantes neste proceso para a defensa dos intereses da nosa frota.

De feito, a directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro xa se ten reunido con representantes da Federación Galega de Confrarías de Pescadores para analizar o tema.

En canto a si temos solicitado a transferencia de competencias das condicións de seguridade das actividades de mergullo, debemos lembrarlle á deputada que é unha competencia exclusiva do Estado, integrada dentro da competencia exclusiva de Mariña Mercante.

Sen embargo, tamén é certo que o Real Decreto 1377/1997 transferíu á comunidade autónoma de Galicia diversas funcións en materia do mergullo como son as de autorización e apertura de centros de ensinanzas de buceo profesional, a realización e control dos exámenes para a obtención do mergullo profesional, a expedición dos títulos e tarxetas de identidade profesional que habiliten para o exercicio do mergullo.

Pero o tema da seguridade no tema do mergullo é unha competencia exclusiva do Estado, o cal é lóxico, ao efecto de establecer unha normativa común e única para todo o territorio do Estado español, tendo en conta que se trata dunha materia moi sensible.

Con elo lógrase que nas diversas Comunidades Autónomas se apliquen as mesmas normas nunha materia esencial para a saúde dos mergulladores. Tamén é de destacar que as medidas implementadas en materia de seguridade no proxecto de Real Decreto resultan axeitadas.

Se ben, o Estado é competente para ditar o proxecto de Real Decreto obxecto de estudio e determinar as condicións de seguridade das actividades do mergullo, non é menos certo que o exercicio desa actividade no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia pode estar ligada ao exercicio da actividade extractiva en ámbitos como a pesca e, en maior medida, o marisqueo e a acuicultura

Por elo é necesario incluír na regulación mecanismos que, respectando a seguridade no exercicio da actividade do mergullo, teñan en conta a outra actividade de carácter extractivo ligada a anterior, e cuxa competencia está atribuída á Comunidade Autónoma de Galicia.

Neste sentido, por parte da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro fixéronse diversas alegacións e enmendas ao proxecto de Real Decreto no senso de presevar a actividade extractiva realizada por moitos traballadores do sector mediante a técnica da apnea e superar a regulación prohibitiva recollida no proxecto.

De igual forma fixéronse emendas en materia de seguridade co fin de mellorar os mecanismos regulados no proxecto de Real Decreto e así dotar o mergullo en apnea de unhas máis e mellores condicións de seguridade co fin de garantir o mantemento da actividade e a vez presevar a saúde dos recolectores.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 18/09/2018 14:12:14



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 27084**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e outras/os deputadas/os do mesmo grupo, sobre **“a opinión da Xunta de Galicia referida á necesidade de poñer en marcha unha estratexia galega de atención ás persoas con dano cerebral adquirido”**, (publicada no BOPG número 272 do 7 de marzo de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O Servizo Galego de Saúde, por medio dos servizos de Rehabilitación e Fisioterapia das distintas áreas sanitarias, establece os protocolos necesarios para a atención ás persoas con dano cerebral adquirido. Nos últimos anos desenvolveuse a actual rede de atención ao dano cerebral e outras patoloxías neurolóxicas asociadas, como por exemplo a creación en agosto do ano 2016 da unidade de neurorrehabilitación do Hospital Álvaro Cunqueiro, onde se atenden ás persoas que sofren un proceso traumático. Dentro desta mellora da atención, desde maio de 2017, elaborouse o concerto asinado entre a Consellería de Sanidade e o Hospital Quirón-Miguel Domínguez de Pontevedra en, para a atención ás persoas con estados vexetativos persistentes ou de mínima conciencia provocados por un dano cerebral adquirido e que precisen dunha intensificación dos cuidados de rehabilitación e fisioterapia. O obxectivo é o de mellorar a funcionalidade e diminuír as secuelas provocadas polo DCA.

O Servizo Galego de Saúde continuará traballando na mellora da atención aos pacientes con dano cerebral adquirido”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 18/09/2018 14:12:07



AG/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 27374** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para corrixir as deficiencias detectadas na atención que se está a prestar en materia de cirurxía pediátrica en Ourense”**, (publicada no BOPG número 276 do 14 de marzo de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A área de servizo compartido ven funcionando correctamente. No CHUO intervíronse no ano 2017 un total de 170 pacientes e realizáronse 1.129 consultas externas. Nos dous primeiros meses do ano 2018, a actividade cirúrxica incrementouse nun 27% (51 intervencións) e as consultas externas nun 16% (218 consultas) sobre o mesmo período do ano 2017 e as listas de espera cirúrxica e de consultas veñen con descensos continuos en número de pacientes e en esperas medias, ata o punto que neste momento a consulta externa de primeiras consultas xa non ten demora.

A decisión da creación da Área de servizo compartida obedece a causas de tipo asistencial e técnico e teñen o seu refrendo e soporte legal na Lei 8//2008, de Saúde de Galicia (artigos 32 e 97) e do Decreto 37/2001, de 1 de febreiro, de áreas de servizo compartido en estruturas hospitalarias do Servizo Galego de Saúde.

Os criterios de carteira de servizos na cirurxía pediátrica na Área de servizo compartido se teñen fixado atendendo a motivos asistenciais e profesionais. Neles están representados os servizos de cirurxía pediátrica, pediatría, cirurxía xeral, anestesia e reanimación, calidade, admisión de pacientes e uroloxía. Polo tanto, se procura a mellor atención posible tendo en conta a casuística, a experiencia clínica e a dotación necesaria para afrontala.

Os custos de desprazamento son os normais nestes casos e non se diferencian dos resultantes dos desprazamentos ordinarios de pacientes adultos entre hospitais de Galicia e incluso de fora da Comunidade Autónoma, tanto para consulta como para exploracións, tratamentos ou seguimentos de patoloxías.

No caso de cirurxía pediátrica en Ourense, as demoras medias para consultas externas están dentro das ratios do SERGAS para esta especialidade. En Ourense, a 30 de xuño de 2018, a espera media de cirurxía é de 32,1 días e a espera media de consultas externas é de 18 días.

A prestación da cirurxía pediátrica en Ourense está garantida e as ratios son as adecuadas”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 18/09/2018 16:03:59



AG/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 27556** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da cobertura da baixa da profesional que atende o servizo de pediatría no Centro de Saúde de Escairón, no concello do Saviñao”**, (publicada no BOPG número 276 do 14 de marzo de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A situación da cobertura por incapacidade temporal desde o 27 de febreiro de 2018 de Quiroga, O Saviñao, Pobra de Brollón e Bóveda é a tempo completo desde o día 12 de marzo de 2018”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 18/09/2018 14:11:49



AG/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno número: 27893 formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don José Manuel Pérez Seco e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “a situación na que se atopa a redacción do proxecto básico e de execución da ampliación do Complexo Hospitalario Universitario de Ferrol”, (publicada no BOPG número 280 do 21 de marzo de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O proxecto básico e de execución correspondente á fase 1 do Plan Director do Complexo Hospitalario Universitario de Ferrol está en fase de supervisión, para a continuación proceder á licitación da obra. No DOG do 10 de setembro de 2018 publícase a Resolución do 23 de agosto de 2018 pola que se da publicidade a unha encomenda de xestión do Servizo Galego de Saúde á Axencia Galega de Infraestruturas para acometer a execución das obras da fase 1 do Complexo Hospitalario de Ferrol”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 18/09/2018 14:11:42



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 28715** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a opinión do Goberno galego respecto da atención sanitaria da comarca do Condado-Paradanta”**, (publicada no BOPG número 289 do 11 de abril de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A atención á poboación da comarca do Condado-Paradanta ten experimentado unha grande mellora no que á atención hospitalaria respecta desde a reordenación integral da atención hospitalaria na área sanitaria de Vigo con motivo da apertura do Hospital Álvaro Cunqueiro.

Os centros de saúde de Salvaterra, As Neves e Mondariz Balneario (Condado), e os de Covelo, Crecente e Arbo son todos de dependencia patrimonial municipal.

Os datos de actividade polo momento non xustifican a presenza dun técnico de radioloxía en quenda de tarde. Na actualidade ningún dos centros de saúde da área, nin sequera outros de maior demanda e volume de usuarios dispoñen de radioloxía de tarde, coa única excepción do Centro Integral de Saúde ‘Taboada Leal’, onde se incorporou tras a súa apertura en 2016”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2018 16:06:26



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 28863**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Carmen Santos Queiruga, e don Juan José Merlo Lorenzo, sobre **“a opinión da Xunta de Galicia respecto da cota de xarda asignada a Galicia en relación con outras comunidades autónomas no reparto das cotas pesqueiras procedentes de intercambios con outros estados da Unión Europea”**, (publicada no BOPG número 289 do 11 de abril de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Cabe lembrar que este asunto foi respondido na Comisión 8ª do 27 de abril de 2018, pola directora xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, a través da iniciativa 24918 (BNG).

Efectivamente neste ano 2018 reduciuse o TAC para a xarda nun 20%, pero tamén debemos lembrar que viñamos dunha situación na que se pretendía unha redución dun 43%.

En canto á existencia de privilexios nas pesquerías, en función do lugar no que se resida, tal e como se indica na segunda pregunta, sinalar que é rotundamente falso. A xestión da cota á que nos estamos a referir é precisamente provincial, correspondéndolle á flota de cada provincia, a través da súa Federación Provincial de Confrarías, a proposta da data de apertura da pesquería dirixida de xarda, os cupos para a pesquería dirixida, e a reserva ou non dunha cantidade para a pesca accesoria desta especie.

No tinxinte á solicitude de acordos de equilibrio que permitan equiparar as posibilidades de pesca de xarda, indicar que o reparto por provincias faise en base a unha clave de porcentaxes baseada nas capturas que viña facendo cada flota. Por exemplo, no caso de Galicia, a de Lugo e a da Coruña incorporáronse antes a esa pesquería, polo que en suma, correspóndelle maior cantidade de cota.

É por isto que o goberno Galego mantivo unha postura de absoluto respecto ás normas e ás decisións de xestión do propio sector, como non podía ser doutro xeito.

A realidade é que a frota de artes menores descargou en 2017 un total de 18.500 Tn e facturou 105 M€, mantendo unha evolución positiva tanto en descargas (+6%) coma en vendas (+4,8%) con respecto a 2016.

Outro dato importante é que desde a aplicación deste reparto provincial, mellorou a descarga e facturación de xarda por parte da frota de artes menores:

A media de descargas nestes sete anos medrou nun 117% respecto á media anual dos dez anos anteriores (2005-2007).

A media de facturación anual medrou nun 191% respecto á media anual dos dez anos anteriores.

O prezo medio medrou nun 20% con respecto aos dez anos anteriores”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 18/09/2018 14:11:28



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2018 16:30
Nº Rexistro: 37256

Data envío: 20/09/2018 16:06:22.332

Data 20/09/2018 16:06

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 29000** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “ **as previsións do Goberno galego respecto da realización de traballos de remodelación do antigo edificio do Hospital Santa María Nai, do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense**”, (publicada no BOPG número 293 do 18 de abril de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Estase estudando a posibilidade de realizar traballos de remodelación do antigo edificio de Santa María Nai”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

páxina 1 de 1

CVE-PREPAR: b9c2c219-2da0-e816-7d92-cbfd1d6a1d80



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2018 16:06:18



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 29536** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o cronograma previsto polo Goberno galego para a construción da ampliación do Hospital de Montecelo, en Pontevedra”**, (publicada no BOPG número 296 do 25 de abril de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O plan funcional para o Hospital Gran Montecelo foi presentado o 18 de xullo do 2017.

O proceso irase desenvolvendo segundo vaia avanzando a tramitación necesaria. Estamos na fase de elaboración, tramitación e aprobación do proxecto sectorial de incidencia municipal.

A continuación licitarase a redacción do proxecto de execución, e levarase a cabo a xestión da expropiación dos terreos.

Co proxecto de execución aprobado e conseguidos os terreos poderase licitar a obra.

O Complexo Hospitalario Gran Montecelo será un hospital público, de titularidade pública e con persoal do Servizo Galego de Saúde”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2018 16:06:08



AG/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 29721**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana Belén Pontón Mondelo e outras/os deputadas/os do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da demanda da asunción polo Goberno central do sobrecusto derivado das sentenzas xudiciais referidas aos suplementos territoriais en relación coas peaxes de acceso de enerxía eléctrica”**, (publicada no BOPG número 296 do 25 de abril de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“Como ten informado o director xeral de Enerxía e Minas da Consellería de Economía, Emprego e Industria, con motivo do debate da pregunta 35354, que se desenvolveu na sesión do 14 de setembro de 2018 da Comisión 3ª de Economía, Facenda e Orzamentos, a Xunta ten solicitado ao Goberno central que atenda as alegacións presentadas respecto do proposta de orde que establece os suplementos territoriais en relación coas peaxes de acceso de enerxía eléctrica correspondentes ao exercicio 2013.

De non ser así, solicitarase a súa suspensión cautelar mentres non se resolve o recurso que a Administración galega xa ten interposto contra esta medida, cumprindo deste xeito o mandato aprobado por unanimidade no Parlamento galego.

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-3-economia-facenda-orzamentos-2018-09-14?part=4f1d2e73-0403-496c-893a-ee179a6d3b53&start=2449>”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2018 16:06:01



AG/mm

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno número: **29832** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez e don Julio Torrado Quintela, sobre **“a realización polo Goberno galego dalgún tipo de xestión co Goberno central para acadar acordos de equilibrio que permitan equiparar as posibilidades de pesca da xarda da frota galega de artes distintas ás do cerco e do arrastre coas das outras comunidades autónomas que pescan no caladoiro do Cantábrico- Noroeste”**, (publicada no BOPG número 299 do 3 de maio de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Cabe lembrar que este asunto foi respondido na Comisión 8ª do 27 de abril de 2018, pola directora xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, a través da iniciativa 24918 (BNG).

Efectivamente neste ano 2018 reduciuse o TAC para a xarda nun 20%, pero tamén debemos lembrar que viñamos dunha situación na que se pretendía unha redución dun 43%.

En canto á existencia de privilexios nas pesquerías, en función do lugar no que se resida, tal e como se indica na segunda pregunta, sinalar que é rotundamente falso. A xestión da cota á que nos estamos a referir é precisamente provincial, correspondéndolle á flota de cada provincia, a través da súa Federación Provincial de Confrarías, a proposta da data de apertura da pesquería dirixida de xarda, os cupos para a pesquería dirixida, e a reserva ou non dunha cantidade para a pesca accesoria desta especie.

No tinxinte á solicitude de acordos de equilibrio que permitan equiparar as posibilidades de pesca de xarda, indicar que o reparto por provincias faise en base a unha clave de porcentaxes baseada nas capturas que viña facendo cada flota. Por exemplo, no caso de

Galicia, a de Lugo e a da Coruña incorporáronse antes a esa pesquería, polo que en suma, correspóndelle maior cantidade de cota.

É por isto que o goberno Galego mantivo unha postura de absoluto respecto ás normas e ás decisións de xestión do propio sector, como non podía ser doutro xeito.

A realidade é que a frota de artes menores descargou en 2017 un total de 18.500 Tn e facturou 105 M€, mantendo unha evolución positiva tanto en descargas (+6%) coma en vendas (+4,8%) con respecto a 2016.

Outro dato importante é que desde a aplicación deste reparto provincial, mellorou a descarga e facturación de xarda por parte da frota de artes menores:

A media de descargas nestes sete anos medrou nun 117% respecto á media anual dos dez anos anteriores (2005-2007).

A media de facturación anual medrou nun 191% respecto á media anual dos dez anos anteriores.

O prezo medio medrou nun 20% con respecto aos dez anos anteriores.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 18/09/2018 14:11:21



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 30807**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de don Luís Villares Naveira e dona Carme Santos Queiruga, sobre **“a Orde do 25 de abril de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, para a creación ou mellora de infraestruturas e equipamentos nos concellos de Galicia para o ano 2018”**, (publicada no BOPG número 305 do 16 de maio de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio**, que ten o seguinte contido:

“Esta mesma cuestión foi contestada na sesión da Comisión 2ª do pasado 13 de setembro de 2018 pola directora de Ordenación do Territorio e Urbanismo, en resposta á pregunta oral 33585.

Na súa intervención, a directora respondeu ás cuestións formuladas sobre a Orde de 25 de abril de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións en réxime de concorrencia non competitiva, destinadas á creación ou mellora de infraestruturas e equipamentos nos Concellos de Galicia para o ano 2018.

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de internet:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-2-ordenacion-territorial-obras-publicas-medio-ambiente-servizos-2018-09-13?part=5044dcfa-1997-40b3-8a36-055cca08763b&start=2412> ” .

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2018 16:05:44



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/09/2018 16:30
Nº Rexistro: 36994

Data envío: 18/09/2018 14:11:14.937

Data 18/09/2018 14:11

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 31980**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Carmen Santos Queiruga, dona Julia Torregrosa Sañudo e dona Paula Quinteiro Araujo, sobre **“as razóns de Portos de Galicia para retirar a pancarta instalada na fachada da Confraría de Pescadores de Vilanova de Arousa, chamando á participación na manifestación convocada para o día 10 de xuño en Santiago de Compostela, en contra da explotación dunha mina no concello de Touro”**, (publicada no BOPG número 319 do 13 de xuño de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería do Mar comunica que este asunto foi contestado na Comisión 8ª do 28 de xuño de 2018, polo presidente do ente público Portos de Galicia, a través da iniciativa 31979.

Poden consultar o arquivo audiovisual da resposta premendo na seguinte ligazón:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-8-pesca-marisqueo-2018-06-28?part=c4bfea4b-dc76-45e3-a51f-c7ea137af10d&start=9539>.

Portos de Galicia procedeu á retirada da pancarta colgada no edificio da Confraría de Pescadores de Vilanova en base a unha decisión exclusivamente técnica do entón Enxeñeiro Xefe de Zona Sur que aplicou a normativa vixente de xeito estrito e rutinario, sen consulta previa ou instrución algunha ao respecto neste caso concreto.

Efectivamente a normativa que regula o uso dos edificios e instalacións de titularidade portuaria recolle que para colocar no seu exterior calquera tipo de cartelería a Administración Autonómica debe dar autorización expresa e neste caso non fora solicita. Ante dita falta de autorización o enxeñeiro xefe de Zona Sur actuou de oficio ordenando a súa retirada.

Neste sentido, cómpre subliñar que a actuación do enxeñeiro Xefe de Zona Sur ve marcada por unha interpretación absolutamente estrita da normativa vixente.

Sen embargo, dende a presidencia de Portos de Galicia, tense dado instrución a través da Dirección, o órgano técnico xerarquicamente competente, de proceder sempre ao cumprimento da normativa a través do diálogo cos axentes portuarios correspondentes e na procura do interese común de xeito que se poidan minimizar os conflitos entre partes. Por este motivo, tense requirido ao Enxeñeiro xefe de Zona Sur, así como das outras dúas zonas administrativas, Centro e Norte, que procedan expresamente no caso das pancartas similares á de Vilanova, a contactar cos responsables das instalacións portuarias en cada caso (confrarías, clubs, asociacións...) e procuren buscar unha solución consensuada a situacións susceptibles de provocar algún tipo de agravio moral para calquera colectivo portuario.

Ante esta realidade, o ente público asume a improcedencia da falta de diálogo previo coa confraría de Vilanova e descúlpase pola falta de cortesía e os modos na aplicación, iso sí, da normativa portuaria vixente”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 18/09/2018 14:11:12



AG/mm

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno número: **32295** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez e don Julio Torrado Quintela, sobre **“a data prevista por Portos de Galicia para presentarlle ao alcalde de Ponteceso o proxecto de creación de novas prazas de aparcamento en Corme”**, (publicada no BOPG número 323 do 20 de xuño de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería do Mar comunica que este asunto foi contestado na Comisión 8ª do pasado 28 de xuño de 2018 polo presidente do ente público Portos de Galicia, a través da iniciativa 32182.

Nesta intervención, o presidente do ente público Portos de Galicia adiantaba que as obras de repintado da zona, trasladando a marca lonxitudinal que delimitaba a franxa peonil, levaríanse a cabo de xeito inminente no mes de xullo, tal como así foi.

Ademais, atendendo a petición dos representantes veciñais, esta nova actuación incluírá a habilitación de diversas prazas para estacionamento de vehículos de xeito compatible cos espazos peonís e de tránsito rodado, garantindo a seguridade do conxunto dos usuarios do porto.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 18/09/2018 14:11:03



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 32551** formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“as previsións da Consellería de Sanidade respecto da redución do horario de atención no Centro de Atención Primaria de San Roque, en Vilagarcía de Arousa”**, (publicada no BOPG número 328 do 28 de xuño de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O Centro de Saúde de Vilagarcía ten un horario de atención ordinaria, de 8:00 a 22:00 horas, todos os días laborables do ano. Durante este verán o Centro de Saúde funcionou co seu horario habitual”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2018 16:05:36



AG/mm

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno número: **32712** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez e don Julio Torrado Quintela, sobre **“a valoración do Goberno galego respecto dos inconvenientes que están a padecer as persoas mariscadoras de Fisterra e Camariñas, a consecuencia da chegada da orde e recepción do aviso de peche precautorio da zona para a extracción do longueirón cando xa está realizado o traballo e incluso a venda”**, (publicada no BOPG número 328 do 28 de xuño de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de envialle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“O Goberno galego traballou arreo para controlar o episodio de presenza de biotoxinas mariñas acaecido fai varias semanas incrementando a frecuencia das mostraxes para garantir ao máximo a saúde pública evitando que produto con toxina poda chegar ao consumidor. Intecmar advertiu desta cuestión a través dos seus Informes técnicos sobre identificación e cuantificación de fitoplancto tóxico en auga de mar e dos seus Informes de Estado de Zonas da presenza desta toxina desde comezos de xuño.

Os peches producidos obedeceron á detección de toxinas paralizantes (as máis graves desde o punto de vista da sintomatoloxía, podendo incluso ser mortais).

No caso das toxinas PSP no mesmo día da súa chegada, a mostra analízase, obtense un resultado positivo, procédese de inmediato ao peche da zona de produción, actualízase a información na web de Intecmar e notificase polo servizo de avisos rápidos, vía correo electrónico a todas as partes interesadas. Non se pode pedir máis axilidade.

No que respecta a si se vai tomar algunha medida como consecuencia das protestas deste colectivo, compre lembrar novamente o establecido no Regulamento CE Nº 854/2004 do 29 de abril no Anexo II, capítulo II B.6 que indica que “a especie co nivel máis alto poderá

empregarse como indicadora” e “Si os niveis de toxina da especie indicadora están por enriba dos límites regulamentarios, só se permitirá a recolección das demais especies se unha análise das mesmas demostra que os seus niveis de toxina están por debaixo deses límites.”

Polo tanto os peches precautorios realizados son conformes coa Normativa Europea, non considerándose ineficaces senón unha xestión do risco que prima a seguridade alimentaria.

En definitiva, o Goberno galego entende que o sistema de control de biotoxinas levado a cabo pola Consellería do Mar-Intecmar é conforme á normativa europea, está a funcionar de forma normal e ten como obxectivo protexer ao consumidor.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 18/09/2018 14:10:37

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Xoaquín Fernández Leiceaga, Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª.

Ordes é un concello que conta cunha poboación 12.580 habitantes segundo os últimos datos do IGE (01.01.2017), dos que 1.676 teñen entre 0 e 14 anos.

A atención pediátrica neste concello desenvólvese no centro de saúde situado no centro da vila, que conta con dous pediatras: un con atención a tempo completo e a media xornada; o que motiva que a espera para ser atendido se retrase en varios días, dándose incluso a situación de acudir con cita de pediatría concertada e que despois non se puido materializar pola falla de tempo do persoal sanitario.

Por iso as deputadas e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta:

Na “lexislatura do rural”, cando vai solucionar o Goberno galego esta carencia tan importante para a poboación do concello de Ordes?

Pazo do Parlamento, 20 de febreiro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 20/02/2018 19:30:25

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 20/02/2018 19:30:32

Julio Torrado Quintela na data 20/02/2018 19:30:39



Grupo Parlamentario

Noela Blanco Rodríguez na data 20/02/2018 19:30:46

Partido dos
Socialistas
de Galicia



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 28862**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Carmen Santos Queiruga, e don Juan José Merlo Lorenzo, sobre **“a opinión da Xunta de Galicia respecto da cota de xarda asignada a Galicia en relación con outras comunidades autónomas no reparto das cotas pesqueiras procedentes de intercambios con outros estados da Unión Europea”**, (publicada no BOPG número 289 do 11 de abril de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Cabe lembrar que este asunto foi respondido na Comisión 8ª do 27 de abril de 2018, pola directora xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, a través da iniciativa 24918 (BNG).

Efectivamente neste ano 2018 reduciuse o TAC para a xarda nun 20%, pero tamén debemos lembrar que viñamos dunha situación na que se pretendía unha redución dun 43%.

En canto á existencia de privilexios nas pesquerías, en función do lugar no que se resida, tal e como se indica na segunda pregunta, sinalar que é rotundamente falso. A xestión da cota á que nos estamos a referir é precisamente provincial, correspondéndolle á flota de cada provincia, a través da súa Federación Provincial de Confrarías, a proposta da data de apertura da pesquería dirixida de xarda, os cupos para a pesquería dirixida, e a reserva ou non dunha cantidade para a pesca accesoria desta especie.

No tinxinte á solicitude de acordos de equilibrio que permitan equiparar as posibilidades de pesca de xarda, indicar que o reparto por provincias faise en base a unha clave de porcentaxes baseada nas capturas que viña facendo cada flota. Por exemplo, no caso de Galicia, a de Lugo e a da Coruña incorporáronse antes a esa pesquería, polo que en suma, correspóndelle maior cantidade de cota.

É por isto que o goberno Galego mantivo unha postura de absoluto respecto ás normas e ás decisións de xestión do propio sector, como non podía ser doutro xeito.

A realidade é que a frota de artes menores descargou en 2017 un total de 18.500 Tn e facturou 105 M€, mantendo unha evolución positiva tanto en descargas (+6%) coma en vendas (+4,8%) con respecto a 2016.

Outro dato importante é que desde a aplicación deste reparto provincial, mellorou a descarga e facturación de xarda por parte da frota de artes menores:

A media de descargas nestes sete anos medrou nun 117% respecto á media anual dos dez anos anteriores (2005-2007).

A media de facturación anual medrou nun 191% respecto á media anual dos dez anos anteriores.

O prezo medio medrou nun 20% con respecto aos dez anos anteriores”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 18/09/2018 14:11:35



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 33540**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez, don Raúl Fernández Fernández e don Julio Torrado Quintela, sobre **“os tempos de espera para a realización de probas para as persoas enfermas de cancro no CHUOU”**, (publicada no BOPG número 342 do 27 de xullo de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión da Comisión 5ª do 14.09.2018 ao darlle resposta á pregunta 33539 sobre o mesmo tema e formulada polos/as mesmos/as deputados/as”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2018 16:04:58



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2018 16:30
Nº Rexistro: 37246

Data envío: 20/09/2018 16:04:54.846

Data 20/09/2018 16:04

RS/mm

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 33836**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Abel Fermín Losada Álvarez e don Julio Torrado Quintela sobre **“Sobre a xuntanza o día 26 de xullo, do conselleiro de Sanidade cos veciños e veciñas de Bouzas (Vigo)”**, (publicada no BOPG número 351 do 4 de setembro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O conselleiro de Sanidade foi convidado a unha xuntanza coa asociación de veciños de Bouzas á que asistiu, como fai cando é convidado por distintas asociacións ou colectivos para tratar temas relacionados coa sanidade. ”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: 0db25440-bb06-7190-5e63-61a24d780f84



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2018 16:04:51



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2018 16:30
Nº Rexistro: 37245

Data envío: 20/09/2018 16:04:47.096

Data 20/09/2018 16:04

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 34389**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e outras/os deputadas/os do mesmo grupo, sobre **“ás medidas a tomar en materia sanitaria diante do falecemento dun doente no PAC da Estrada”**, (publicada no BOPG número 351 do 4 de setembro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión plenaria do 11.09.2018 polo conselleiro de Sanidade- ao darlle resposta á pregunta 34414 sobre o mesmo tema”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

páxina 1 de 1



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2018 16:04:44



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2018 16:30
Nº Rexistro: 37244

Data envío: 20/09/2018 16:04:39.580

Data 20/09/2018 16:04

RS/mm

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 34415**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona Noela Blanco Rodríguez, sobre **“os criterios utilizados polo Goberno galego para determinar o volume de persoal existente no sábado 4 de agosto no PAC de A Estrada”**, (publicada no BOPG número 351 do 4 de setembro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión plenaria do 11.09.2018- polo conselleiro de Sanidade ao darlle resposta á pregunta 34414 sobre o mesmo tema e formulada polos/as mesmos/as deputados/as.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: f5d0cb52-b2d1-82c7-1085-c7e6a3451ed1



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2018 16:04:36



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 34480**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e outras/os deputadas/os do mesmo grupo, sobre **“as altas temperaturas sufridas no Hospital Provincial de Pontevedra na recente vaga de calor”**, (publicada no BOPG número 351 do 4 de setembro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería de Sanidade levou a cabo durante os últimos anos unha serie de medidas para paliar os efectos producidos polas altas temperaturas no Hospital Provincial de Pontevedra.

Entre as medidas adoptadas están a colocación de láminas refractoras, a instalación de estores antitérmicos nas zonas de maior impacto de soleamento, ventiladores, equipos fixos individuais de frío e equipos de refrixeración portátiles”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2018 16:04:29



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 34507**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e outras/os deputadas/os do mesmo grupo, sobre **“as demandas dos traballadores do Sergas provocadas pola decisión do Goberno galego de trasladar os servizos de coordinación das urxencias sanitarias de Galicia ao Edificio de atención Integrada de Emerxencia da Estrada”**, (publicada no BOPG número 351 do 4 de setembro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión plenaria do 11.09.2018 polo conselleiro de Sanidade- ao darlle resposta á pregunta 34506 sobre o mesmo tema e formulada polos/as mesmos/as deputados/as”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2018 16:04:21



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2018 16:30
Nº Rexistro: 37241

Data envío: 20/09/2018 16:04:17.658

Data 20/09/2018 16:04

RS/mm

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 34609**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a dotación do servizo de matrona no Concello de Cerceda”**, (publicada no BOPG número 351 do 4 de setembro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“En relación coa a atención de matrona no concello de Cerceda, informamos que recentemente, desde o mes de xullo, realizouse unha reorganización da atención, coa perspectiva de potenciar a figura das matronas no programa da saúde da muller e control e seguimento da xestación, de xeito que, neste momento, no Concello de Cerceda hai dispoñible unha consulta de matrona todos os venres, con axenda de traballo de 8 a 15 horas, que inclúe tanto a labor asistencial coma educativa e de prevención e promoción da saúde da muller.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: 580c9864-88d0-1ad1-a086-6b56367a8a03



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2018 16:04:14



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2018 16:30
Nº Rexistro: 37240

Data envío: 20/09/2018 16:04:10.486

Data 20/09/2018 16:04

RS/mm

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 34770**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona Noela Blanco Rodríguez, sobre **“Sobre a calidade asistencial no servizo de atención primaria no sistema público de saúde”**, (publicada no BOPG número 351 do 4 de setembro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A calidade asistencial na atención primaria é óptima. Nos orzamentos do 2018 recóllese en diferentes capítulos un incremento do 2,65 %. Nas últimas OPES priorizáronse as categorías propias do primeiro nivel asistencial como médico de familia, pediatra e enfermeiro especialista en enfermería familiar e comunitaria.

Polo que se refire aos centros de saúde, desde o Sergas estase a levar a cabo un Plan tanto para a construción de novos centros de saúde como para a mellora e reforma de centros existentes.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: 6c4220d9-3e40-1315-0934-13af7f2f0587

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2018 16:04:07



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 34783**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luís Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**o conflito laboral do persoal da central de coordinación do 061**”, (publicada no BOPG número 353 do 6 de setembro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión plenaria do 11.09.2018 polo conselleiro de Sanidade- ao darlle resposta á pregunta 34506 sobre o mesmo tema e formulada polos/as mesmos/as deputados/as”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2018 16:03:50



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 34823**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Paula Vázquez Verao e don Luís Villares Naveira, sobre **“as actuacións que vai levar a cabo a Xunta de Galicia para garantir unha atención sociosanitaria axeitada e en condicións de equidade a toda a poboación envellecida do concello de Navia de Suarna, así como as súas previsións respecto do reforzo da atención sanitaria nel e o impulso dunha lei específica referida ás zonas de montaña”**, (publicada no BOPG número 353 do 6 de setembro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Efectivamente, a nosa intención é dotar ao Centro de Saúde de Navia (que non está masificado en absoluto e ten espazo e consultas libres (incluso nunha área exclusivamente pediátrica) de pediatra e enfermería para asumir aos nenos que actualmente hai en Coruxo, e que desde mediados do mes en curso están sendo atendidos por unha substituta, ante a xubilación da titular da praza.

Coruxo dista apenas 3 km do centro de saúde de Navia, polo que non afectaría practicamente en nada aos seus usuarios, e menos se vemos as vantaxes que lles vai reportar ese curto desprazamento:

- liberdade de elección entre os 4 pediatras que terá Navia e non ser cautivo da imposibilidade de elección.
- ampliación da franxa horaria, ao estar dispoñible a atención pediátrica de mañá e de tarde.
- posibilidade de que os pediatras poidan facer unha atención en equipo naqueles casos máis complexos, xa que a existencia de máis dun pediatra permite consultar dúbidas e polo tanto unha atención máis resolutiva.
- garantía de continuidade, xa que con 4 pediatras a atención pediátrica está garantida todos os días hábiles do ano, cousa que non ocorre en Coruxo, onde as vacacións, os permisos, as

ausencias imprevistas, etc, ante a ausencia de substitutos, fai que deban ser cubertas por médicos de familia, ou obriga a desprazar sistemáticamente”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2018 16:03:42



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2018 16:30
Nº Rexistro: 37237

Data envío: 20/09/2018 16:03:38.595

Data 20/09/2018 16:03

RS/mm

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 35189**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a opinión do Goberno galego referida á situación existente nos centros de saúde do concello de Soutomaior”**, (publicada no BOPG número 353 do 6 de setembro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O concello de Soutomaior conta co Centro de Saúde de Arcade e co Consultorio de Romaríz.

No Centro de Saúde de Arcade hai tres médicos (2 médicos de familia e unha pediatra) e 3 Diplomadas Universitarias de Enfermería (DUE). No Consultorio de Romaríz hai 1 médico de familia e 1 DUE.

Polo tanto a dotación de persoal é axeitada ás necesidades sanitarias do Concello de Soutomaior.

As baixas e vacacións do persoal estanse a cubrir de maneira axeitada, aínda que é certo que no tocante a pediatría existe unha limitación de pediatras de atención primaria na nosa Comunidade Autónoma, non obstante non se variou a cobertura de ausencias que, leva anos facéndose entre os pediatras de Soutomaior e Vilaboa.

Non se observa incremento da actividade asistencial respecto ao ano anterior, nin demoras importantes na cita, polo que consideramos que a organización asistencial en Soutomaior segue a dar reposta axeitada ás necesidades da veciñanza do Concello. ”

CVE-PREPAR: 1efc35e8-3706-d077-e3e7-0341fab08412

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2018 16:03:35



AG/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 35353**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa Noa Presas Bergantiños e outras/os deputadas/os do mesmo grupo, sobre **“as actuacións levadas a cabo e previstas polo Goberno galego, así como as alegacións presentadas, respecto da orde do Goberno central referida aos suplementos territoriais en relación coas peaxes de acceso da enerxía eléctrica”**, (publicada no BOPG número 353 do 6 de setembro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“A pregunta foi atendida na intervención do director xeral de Enerxía e Minas da Consellería de Economía, Emprego e Industria, con motivo do debate da pregunta 35354, que tivo lugar na sesión do 14 de setembro de 2018 da Comisión 3ª de Economía, Facenda e Orzamentos.

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-3-economia-facenda-orzamentos-2018-09-14?part=4f1d2e73-0403-496c-893a-ee179a6d3b53&start=2449>”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2018 16:03:17



AG/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 35388**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luís Bará Torres e outras/os deputadas/os do mesmo grupo, sobre **“as xestións realizadas pola Xunta de Galicia para garantir a viabilidade e a continuidade da empresa Maderas Iglesias, S. A.”**, (publicada no BOPG número 353 do 6 de setembro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“A pregunta foi atendida na intervención do conselleiro de Economía, Emprego e Industria, con motivo do debate da pregunta 35659 que tivo lugar na sesión plenaria do 12 de setembro de 2018.

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2018-09-12?part=46b8584c-a0e2-4ca8-94d8-bfe93a622551&start=3381> ”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2018 16:02:47



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 26563**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“a idoneidade da política de xestión sanitaria que está a levar a cabo o Goberno galego para o mantemento dun servizo sanitario público e de calidade”**, (publicada no BOPG número 268 do 28 de febreiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A calidade asistencial ofrecida no Hospital de Verín é equiparable á de calquera dos demais hospitais comarcais de Galicia. Trátase dunha actividade asistencial de calidade, integrada, tanto coa atención primaria como cos recursos de atención hospitalaria da area de Xestión Integrada, e que segue mellorando en resultados asistenciais e en desprazamentos evitados.

A actividade do Hospital de Verín durante o ano 2017 permitiu a realización de 2.542 intervencións cirúrxicas, 2.849 ingresos, 69.227 consultas e 13.372 urxencias, ademais dunha óptima xestión dos tempos para acceder a consultas e intervencións.

No Hospital de Verín mantense todas as especialidades desde súa apertura en 1994 ademais da realización de novas consultas e probas de Dixestivo, Endocrinoloxía, Neuroloxía, Oncoloxía Médica, Reumatoloxía e CardioloXía que se fan directamente en Verín sen ter que viaxar ao Complexo Hospitalario Universitario de Ourense.

O Servizo de HADO está en marcha no Hospital de Verín desde o día 1 de marzo de 2018 e está dotado cun facultativo especialista en medicina interna, un enfermeiro e un auxiliar administrativo.

O coidados paliativos neste Hospital dependen de medicina interna e de HADO.”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias


(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 18/09/2018 14:12:46



PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727